



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ANALÍTICAS E CONTROIS DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA POTABLE, PISCINA, VERQUIDOS DAS EDAR`S E LIXIVIADOS

## FEITOS

1 Mediante a resolución da Alcaldía n.º 325/2017, do 25 de outubro, aprobose o inicio do expediente para a licitación e contratación, polo sistema do procedemento negociado sen publicidade, do servizo denominado "Analíticas e controis do abastecemento municipal de auga potable, piscina, verquidos das EDAR`s e lixiviados"; por un período máximo de catro anos e cun orzamento anual de 8.470,00 €, IVE incluído.

2 Para o efecto remitíronse invitacións ás seguintes empresas acreditadas do sector:

-Biocontrol y Calidad Alimentaria, S. L. U.

-Laboratorio Lema&Bandín, S. L.

-Indrops Laboratorio de Análisis y Calidad Medioambiental, S. L.

3 O órgano encargado da negociación, na súa reunión do día 23 de novembro de 2017, propuxo ao órgano competente para realizar a presente contratación, neste caso o Sr. Alcalde-Presidente; adxudicar o servizo de referencia á proposta presentada pola empresa Biocontrol y Calidad Alimentaria, S. L. U., polo prezo total de 26.348,57 € (IVE incluído), que se corresponden co prezo anual de 6.587,14 € (IVE incluído).

4 O día 28 de novembro de 2017, requiríuselle á empresa Biocontrol y Calidad Alimentaria, S. L. U., previo a adxudicación do contrato, a presentación da documentación prevista na cláusula 16ª do PCAP que rexe esta licitación e contratación.



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

5 A empresa adxudicataria presentou a documentación requirida en data 4 de decembro de 2017.

Visto o anterior e tendo en conta os seguintes

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

-Disposición Adicional Segunda do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)

### RESOLVO

**Primeiro:** Adxudicar o contrato do servizo denominado "Analíticas e controis do abastecemento municipal de auga potable, piscina, verquidos das EDAR`s e lixiviados", á proposta presentada pola empresa Biocontrol y Calidad Alimentaria, S. L. U., polo prezo total de 26.348,57 €, IVE incluído, que se corresponde co prezo anual de 6.587,14 €, IVE incluído, ao ser a ofera económica máis vantaxosa para o Concello.

**Segundo:** Notificarlle a presente resolución ás empresas que foron invitadas a participar no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de referencia.

**Terceiro:** Proceder, de xeito inmediato, á sinatura do correspondente contrato administrativo de servizos.

O Secretario

José Antonio Meizoso Paz

Vº e Prace

O Alcalde

Manuel Meizoso López